

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE SETEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Proxecto da lei da calidade alimentaria de Galicia.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade do treito final da estrada LU-P-2202 e do treito inicial da LU-P-2215.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o pagamento anticipado do 100 % da subvención concedida e se exixe de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de catorce millóns catrocentos mil euros (14.400.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe e eximir da constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa centros de fabricación avanzada), susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para reforzo de persoal de xestión da transferencia e a innovación e consolidación de estruturas de investigación, por importe de dezaioito millóns setecentos noventa e oito mil cento vinte euros (18.798.120,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de persoas con discapacidade das comarcas do Condado e Paradanta Adapta, para a reforma e ampliación da posta en funcionamento dun centro de atención diúrno terapéutico ocupacional para persoas con discapacidade no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, no exercicio 2023. Importe: setecentos mil euros (700.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco, cun único empresario, para a subministración sucesiva de equipamento electromédico e mobiliario clínico con destino a centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, susceptible de financiamento polo Ministerio de Sanidade a través do Plan de melloras das infraestruturas de atención primaria (MINAP), por un valor estimado de catorce millóns cincocentos sesenta e tres mil cincocentos corenta e catro euros (14.563.544,00 €).
- Acordo polo que se aproba a actualización do calendario de inmunización para toda a vida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do Plan da cultura marítima de Galicia Horizonte 2030, PCUMA.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a contratación polo procedemento aberto dun servizo para o desenvolvemento do Programa oficina móbil de atención ás persoas emigrantes retornadas, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o Plan Reforza da Investigación Universitaria.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre as ordes polas que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, así como coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total de tres millón trescentos setenta e cinco mil euros (3.375.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A NOVA LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA GARANTIRÁ A EXCELENCIA DOS PRODUTOS GALEGOS E MELORARÁ A SÚA COMPETITIVIDADE NO MERCADO

- Destaca que converterá a Galicia na primeira comunidade cunha certificación de sustentabilidade para a produción, coa que acreditará que se respectou o medio ambiente, os dereitos dos traballadores e se pagou a materia prima a un prezo axeitado
- O Consello da Xunta deulle o visto e praxe a nova normativa, que actualiza a de 2005 para adaptar o sector á actualidade, e será remitida ao Parlamento para a súa aprobación definitiva
- Outra das principais novidades da lei, a creación de dous órganos de consulta e participación do propio sector: o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor a nova Lei de Calidade Alimentaria -á que hoxe o Consello da Xunta lle deu o visto e praxe e será enviada ao Parlamento para a súa aprobación definitiva- xa que "garantirá a alta excelencia dos produtos agroalimentarios galegos e mellorará a súa competitividade no mercado".

Rueda explicou que o marco normativo que regula a calidade destes produtos en Galicia databa de 2005, polo que era precisa unha actualización para adaptalo á realidade actual do sector, en referencia a extensión do uso das novas tecnoloxías na produción ou a incorporación da venda en liña por parte dos produtores.

O presidente da Xunta explicou que o obxectivo deste texto legal é fomentar e garantir a elaboración de produtos sustentables e de calidade diferenciada en Galicia. E iso pasa, segundo precisou, por reforzar a seguridade xurídica das empresas do sector e dar as máximas garantías aos consumidores de que os produtos pasan polos máis rigorosos controis de calidade.

"Trátase de garantir a máxima calidade dos produtos elaborados e comercializados en Galicia. Buscamos que o feito de que un produto teña orixe galega sexa sinónimo de excelencia en todo o mundo", resumiu sobre a lei o mandatario galego, quen asegurou que a futura normativa vai permitir avanzar nese camiño.

Certificado de sustentabilidade

Entre as novas medidas que incorpora a nova lei, Rueda salientou a creación dun certificado de sustentabilidade, que acreditará que na elaboración do produto

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

respectouse o medio ambiente, os dereitos dos traballadores ou que se pagou a materia prima a un prezo axeitado.

O presidente autonómico aclarou que adherirse será algo voluntario. No entanto, puxo en valor que os produtos que cumpran os requisitos contarán cun logo identificativo. "Deste xeito, Galicia vai ser a primeira comunidade de España en contar cunha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria", subliñou Rueda sobre a importancia deste certificado.

Actualización do catálogo de infraccións e sancións

O mandatario galego tamén apuntou que a Lei tamén vai impulsar a produción dentro das denominacións de orixe ou das indicación xeográficas protexidas; afondar na profesionalización dos consellos reguladores; mellorar e actualizar o sistema de inspeccións e controis realizados polas administracións; e actualizar o catálogo de infraccións e sancións para adaptalo a nova realidade, como as vendas por Internet; incluír produtos que non estaban na lexislación actual, como os derivados do viño, en referencia ao mosto ou o vinagre.

Rueda precisou que a nova lei creará dous novos órganos de consulta e participación do propio sector. Un deles será o Consello Alimentario de Galicia, cuxo fin será o asesoramento na regulación, fomento e promoción da calidade alimentaria. O segundo órgano será a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, que terá como obxectivo impulsar este eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O DECRETO QUE FACILITA QUE BAIXOS COMERCIAIS SEN USO POIDAN RECONVERTERSE EN VIVENDAS

- Asegura que busca “facilitar” unha nova utilización dos baixos que levan tempo baleiros e que, en moitos casos, “contribúen a degradación dos casos urbanos”
- Lembra que este decreto actualiza as normas de habitabilidade de Galicia, aprobadas hai 13 anos e que regulan as condicións que deben cumprir as vivendas novas ou rehabilitadas
- A vicepresidenta segunda asegura que as modificacións introducidas contribuirán a aumentar a oferta de vivendas na comunidade e baixar os prezos dos alugueiros
- Serán as administracións locais as que terán que determinar as zonas en que se poderá eximir a estes baixos dos requisitos de privacidade ou rebaixar os criterios
- Tamén se flexibilizan as condicións que debe ter unha vivenda para ser considerada exterior e se eliminan redundancias co resto da lexislación sectorial vixente

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico aprobou o decreto polo que se modifican as normas de habitabilidade de Galicia do ano 2010 e que, como principal novidade, facilitará en determinados supostos que baixos comerciais e entrecháns abandonados ou sen actividade, e localizados en contornas urbanas, poidan reconverterse en vivendas.

“Non se trata de eliminar comercios para substituílos por vivendas senón de facilitar que aqueles baixos que levan moito tempo baleiros en moitos casos degradando os casos urbanos poidan ter a a posibilidade dunha segunda utilización”, explicou Rueda, quen lembrou que, aínda que xa é posible a reconversión deste tipo de locais para uso residencial, era necesaria unha actualización da normativa para “axilizar e actualizar os requisitos” exixidos que “dificultaban” na práctica esta transformación.

A modificación foi promovida pola Xunta cunha dobre finalidade: ofrecer solucións efectivas a problemas derivados dos cambios socioeconómicos e estruturais que sufriu a sociedade galega nos últimos anos e adecuar certos aspectos da normativa de habitabilidade vixente en Galicia, co fin de simplificar a súa aplicación e eliminar redundancias co resto da lexislación sectorial.

Nesta liña, a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asegurou que a actualización da normativa de habitabilidade vai facilitar, por unha banda, a existencia “dun maior número de vivendas e que haxa alugueiros máis baixos” ante o aumento da oferta e por outra, “garantir a calidade de vida dos galegos a través de vivendas dignas”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto e tendo en conta os 13 anos transcorridos desde a aprobación do primeiro decreto de habitabilidade, considerouse necesario contrarrestar o abandono de locais comerciais detectado sobre todo nalgúñas zonas das cidades e evitar a súa progresiva degradación con medidas que faciliten que se poidan transformar en vivendas, unha vez que quedan baleiros e sen expectativas de recuperación do seu uso orixinal. Deste xeito, ademais, contribúese a reforzar a oferta residencial en contornas urbanas.

O cambio máis relevante introducido con este decreto é o de favorecer ou facilitar a reconversión de baixos en vivendas cando se dean este tipo de situacións, permitindo agora aos concellos facer excepcións e simplificar as esixencias necesarias para garantir a intimidade dos residentes en determinados ámbitos, sempre que estea debidamente xustificado por razóns urbanísticas ou de protección patrimonial da zona.

A tal fin, mantense con carácter xeral a esixencia de protección de vistas nas vivendas resultantes da reconversión de locais comerciais en planta baixa, pero serán as administracións municipais as que poderán delimitar certos ámbitos nos que se exima do cumprimento destes requisitos, ou ben se maticen para que resulten máis fáciles de cumprir, mediante a tramitación dun anexo de habitabilidade. Na práctica, isto permitirá, por exemplo, que baixos cunha altura de 2,5 metros poidan transformarse en vivendas cando antes se requiría un mínimo de 3,2 metros.

Así mesmo, tamén se flexibilizan as condicións que debe cumprir unha vivenda para ser considerada exterior. Co cambio aprobado, facilítase a delimitación dos tipos de espazos exteriores aos que se deben abrir as vivendas para ter tal consideración, ao permitir aos concellos definir cales son estas zonas sen necesidade de acometer unha modificación do seu planeamento urbanístico, co aforro de tempo e recursos que isto implica.

Ademais, no caso concreto de vivendas localizadas en cascos históricos, antes esixíase que 2 das habitacións principais (salón e dormitorios) tivesen saída ao exterior pero a partir de agora a segunda estancia exterior poderá ser tamén a cociña. Ademais, o diámetro mínimo establecido para que os patios de mazá computen como zonas exteriores de calidade redúcese de 0,7 metros a 0,5 metros.

Por último, a modificación elimina tamén aspectos que poden ser redundantes co resto da lexislación sectorial vixente debido aos anos transcorridos desde a súa aprobación, ao tempo que clarifica e corrixe cuestións funcionais que afectan á habitabilidade dos domicilios co fin de adaptalas ás circunstancias actuais do mercado ou para que sexan máis operativas, como poden ser, por exemplo, a disposición dos elementos nos baños e aseos das vivendas ou certas determinacións relativas a tendais e lavadoiros.

Cambios moi debatidos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como destacou a vicepresidenta segunda, este decreto é froito “do consenso” e contou cun amplo respaldo “tanto de propietarios coma do sector”. Todos os cambios introducidos nas normas de habitabilidade foron analizados e debatidos no seo do Observatorio de vivenda de Galicia e tamén no Comité asesor de habitabilidade, un órgano de carácter consultivo que mantivo tres reunións o ano pasado co fin de concretar os posibles cambios e melloras.

Logo deste proceso, o anteproxecto de decreto someteuse a consulta pública e ao trámite de audiencia co fin de recadar a opinión de profesionais, administracións públicas e cidadanía en xeral, proceso que se saldou cun total de 38 suxestións presentadas por particulares, empresas do sector da construción e inmobiliario, arquitectos e algunha entidade local, entre outros. Tras recibir hoxe o visto e prace do Consello, o documento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no DOG.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE XERMADE DE DOUS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS QUE COMUNICAN A PEDREIRA E A CASANOVA E ROUPAR COA TORRE

- Transfírese á entidade local o treito final da LU-P-2202, de 700 metros de lonxitude, e o treito inicial da LU-P-2215, de 82 metros
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Xermade terá a competencia para actuar nestas vías e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade de dous treitos das estradas provinciais LU-P-2202, da Pedreira á Casanova, e na LU-P-2215, que comunica Roupar e A Torre.

O Concello de Xermade solicitou a transferencia destes treitos das vías provinciais. Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito final da estrada LU-P-2202, de 700 metros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 1+220 X e 1+920. Ademais, tamén se formulou proposta favorable para a transferencia a prol do Concello do treito inicial da vía provincial LU-P-2215, de 82 metros de lonxitude, desde o punto quilométrico 0 ao 0+082.

A transferencia a prol do Concello de Xermade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, o Concello de Xermade terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas LU-P-2202 e LU-P-2215, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO GALICIA INVESTE QUE SUMA PRETO DE 15 M€ PARA DINAMIZAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA NA COMUNIDADE

- O programa busca mellorar a competitividade de pemes e autónomos a través do financiamento de novas iniciativas, potenciando o mantemento e creación de emprego e favorecer o desenvolvemento da innovación
- Os apoios cobren proxectos desde 25.000 ata 900.000 euros
- As solicitudes de axuda que teñan un investimento subvencionable superior a 500.000 euros poderán pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento; corresponderá o tramo non reembolsable coa axuda concedida
- Prevense dúas grandes liñas de actuación: unha centrada nos proxectos de investimento empresarial, e outro que pon o foco en investimentos en equipamento produtivo
- Dende o ano 2018, este programa permitiu apoiar máis de 360 proxectos mobilizando investimentos por valor de máis de 125 M€

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a próxima posta en marcha dunha nova convocatoria do programa Galicia Investe, que sumará desta volta preto de 15 M€ na procura de promover a competitividade de pemes e autónomos galegos.

A liña inclúe axudas e préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial, coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica en Galicia e potenciar a innovación a través do desenvolvemento e mellora das empresas existentes e coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Cómpre salientar que, ao igual que na anterior convocatoria, o programa ofrece a posibilidade de solicitar conxuntamente axudas e préstamos para o financiamento dos proxectos de investimento de pequenas e medianas empresas co obxectivo de impulsar o mantemento e creación de emprego.

Así, o apoio da Administración autonómica cobre proxectos desde 25.000 ata 900.000 euros, chegando ao 35 % dos investimentos no caso das pequenas empresas e ao 25 % para as medianas; no caso de investimento empresarial sería do 30 e do 20 % no caso de investimento en equipamento produtivo. Cando as solicitudes de axuda teñan un investimento subvencionable superior a 500.000 euros, poderán pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento; corresponderá o tramo non reembolsable coa axuda concedida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco, o programa prevé dúas liñas de actuación: unha centrada nos proxectos de investimento empresarial, e outra que pon o foco en investimentos en equipamento produtivo.

No contexto da primeira liña promoverase a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes, a diversificación da súa produción e os cambios nos procesos globais da propia produción. E no relativo ao equipamento produtivo, facilitarase a ampliación de capacidade dun establecemento existente.

Deste xeito, a Xunta pretende dar resposta coordinada ás necesidades financeiras das pemes, facilitando á vez axudas e préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial.

Balance do Galicia Investe

Ao abeiro deste programa, desde o ano 2018, apoiáronse máis de 360 proxectos mobilizando investimentos por valor de máis de 125 M€.

Estes datos reflicten o compromiso da Xunta de Galicia co tecido empresarial, en particular coas pequenas e medianas empresas e cos autónomos, na procura de facilitar o acceso a axudas e financiamento que precisan para realizar os seus investimentos e potenciar así a xeración de emprego, a innovación e a creación e posta en marcha de proxectos empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 10 M€ A UNHA NOVA CONVOCATORIA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA QUE FACILITARÁ ÁS PEMES GALEGAS A MODERNIZACIÓN E A MELLORA DA SÚA COMPETITIVIDADE

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación financiará a posta en marcha de proxectos de infraestruturas de uso aberto e compartido, con apoios que poderán chegar ata o 80 % do investimento subvencionable
- Esta dispoñibilidade local de infraestruturas de apoio á industria beneficia de xeito especial as pemes, posto que lles permite acceder a produtos e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos axustados ás súas necesidades
- A liña complementase cunha convocatoria dirixida a grandes empresas por importe de 5 M€, que facilita a capacidade financeira e de xestión solvente das infraestruturas, permitindo ao tecido empresarial apoiarse na capacidade tractora destas grandes empresas
- Coa primeira edición deste programa estanse a impulsar en Galicia seis centros de fabricación avanzada en sectores industriais diversos como as TIC, o biotecnolóxico, a loxística, o turismo ou o agroalimentario, cunha axuda total de máis de 16 M€

O Consello da Xunta avaliou hoxe unha nova convocatoria do Programa de centros de fabricación avanzada que, dotado con 10 millóns de euros, ten por obxectivo impulsar a posta en marcha de proxectos de infraestruturas de uso aberto e compartido que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas, especialmente as pemes, e os consumidores, e a modernización e desenvolvemento da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade.

Esta dispoñibilidade local de infraestruturas de apoio á industria beneficia de modo particular as pequenas e medianas empresas, posto que lles permite acceder a produtos e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos axustados ás súas necesidades. Ademais, estas infraestruturas poñeranse á disposición dos usuarios interesados dunha forma aberta e transparente.

Así, mediante esta iniciativa, a Xunta promove a presenza de infraestruturas axeitadas como un dos factores determinantes da modernización e a mellora competitiva das pemes galegas. De feito, estas infraestruturas abertas a pequenas e medianas empresas e autónomos supoñen unha oportunidade para contar con servizos aos cales non poden ter acceso de xeito habitual.

Para acadar este obxectivo, os proxectos, que facilitarán o desenvolvemento da contorna das empresas e os consumidores, así como a modernización da base industrial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Galicia, contarán con apoios que poden chegar ata o 80 % do investimento subvencionable; están previstos tamén anticipos de ata o 80 %.

Cómpre salientar que con anterioridade, e de cara a coñecer a demanda que teñen este tipo de espazos industriais compartidos, fíxose unha consulta entre o tecido produtivo galego na cal se invitaba os axentes económicos para que manifestasen o seu interese en acceder a unha liña de axudas para a posta en marcha de infraestruturas abertas de apoio á industria.

Esta consulta permitiu coñecer a demanda de axudas, favorecendo a concertación de proxectos con tempo suficiente e facilitando o establecemento das bases de axuda cos interesados.

Así mesmo, esta liña complementábase cunha convocatoria dirixida a grandes empresas por importe de 5 M€, que facilitará a capacidade financeira e de xestión solvente das infraestruturas, permitindo ao tecido empresarial apoiarse na capacidade tractora destas grandes empresas.

Seis centros de fabricación avanzada

A primeira edición deste programa impulsou a creación de seis centros de fabricación avanzada, que suman máis de 16 M€ en apoios e que están a permitir promover proxectos en sectores industriais diversos, como as TIC, o biotecnolóxico, o turismo ou o agroalimentario.

En concreto, a Xunta achega 4,82 M€ para desenvolver un centro de servizos avanzados na Cidade das TIC da Coruña, que contará con catro laboratorios para a realización de probas e o aloxamento de empresas do sector.

O centro de fabricación avanzada do Tambre recibiu unha axuda de máis de 4 M€ para prover o sector biotecnolóxico de laboratorios para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común.

O terceiro proxecto é o Centro Galego de Tratamentos Térmicos do Aceiro, cun apoio de 2 M€. Situado en Narón, nace co obxectivo de facilitar a realización de máis traballos que teñan como base o aceiro, como poden ser os buques.

No eido do turismo e a innovación, impulsouse con 370.000 euros o Centro de Servizos Avanzados Galicia TurisTIC en Vilagarcía de Arousa. O centro nace para fomentar a creación de produtos, servizos e empresas de base tecnolóxica na cadea de valor da industria turística galega. A idea é conxugar innovación, emprendemento e formación a partir da dixitalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, a Xunta apoiou a planta piloto de Inleit en Curtis con 2,4 millóns de euros para a síntese de proteínas e subprodutos lácteos de alta calidade. Ademais, concedéronse 2,5 millóns de euros á Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat), en Caldas de Reis, para impulsar un centro de fabricación avanzada de lácteos de alto valor engadido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA LANZA O PLAN REFORZA DA INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA CON 19 M€ PARA CONTRATAR CEN TECNÓLOGOS DE APOIO AO LABOR CIENTÍFICO

- Asegura que esta pioneira iniciativa se enmarca “na clara aposta” do Goberno autonómico polo I+D
- Explica que se trata de profesionais de alta especialización en I+D+i expertos en xestión de proxectos internacionais, captación e divulgación científica e relación cos sectores produtivos, entre outros
- O obxectivo é que estes expertos en xestión den apoio á actividade científica dos campus e faciliten a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial
- Lembra que as universidades contan con 3.400 investigadores, case a metade dos que exercen na comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vén de lanzar o Plan Reforza da investigación universitaria, a través do cal se vai dotar as tres universidades públicas galegas dun cento de tecnólogos especializados en materia de I+D+i co obxectivo dar soporte á actividade científica que veñen desenvolvendo e facilitar a transferencia de coñecemento ao conxunto do tecido empresarial. Unha medida que enmarca “na aposta clara da Xunta polo I+D”.

Rueda resaltou que as tres universidades galegas “contan con 3.400 investigadores”- o 45,5 % das case 7.500 persoas investigadoras na comunidade autónoma, segundo datos do INE de 2021- que “captaron nos últimos anos a través de programas de investigación preto de 350 millóns de euros”. Con esta novidosa acción, que se pon en marcha por primeira vez este ano, a Xunta vai destinar case 19 millóns de euros a que as universidades reforcen o seu cadro de persoal con profesionais na xestión do I+D.

Esta acción materializarase a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ao cal hoxe deu luz verde o Consello da Xunta.

Para tal fin, o Plan Reforza da investigación universitaria recolle un orzamento de 18.798.120 € para o período 2023-2026, ao abeiro do cal as tres universidades galegas poderán contratar un cento de tecnólogos de apoio ao seu labor científico. O plan establece como obxectivos básicos o desenvolvemento e consolidación dos servizos de apoio á investigación dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao tempo que axudar as universidades a optimizar e incrementar as súas capacidades en investigación, captación de recursos (de talento e de fondos), transferencia de coñecemento e internacionalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo explicou o presidente, os tecnólogos contratados serán profesionais xestores de I+D+i especializados en cuestións como “a xestión de proxectos internacionais”, a negociación cos sectores produtivos, a posta en valor de resultados de investigación, “a protección da propiedade intelectual”, o aproveitamento das infraestruturas científico-técnicas” ou a xestión de recursos humanos” e de comunicación, entre outros.

Así pois, estes profesionais actuarán de nexos nas relacións entre os organismos de financiamento da investigación e a comunidade científica, tendo en conta cuestións como as diferencias culturais e xurídicas entre países e entre o mundo académico e a industria. Isto é, xogarán un papel clave na xestión do bo funcionamento dos proxectos de investigación liderados polos científicos que traballan nas tres universidades públicas galegas.

Esta acción, enmarcada no Plan galego de financiamento universitario, supón un novo impulso da Xunta de Galicia no apoio ás tres universidades públicas galegas e á súa actividade científica con financiamento específico para a introdución desta nova figura de experto tecnólogo.

Esta nova dotación supón avanzar un chanzo máis na aposta por afianzar un sistema de investigación universitario forte e competitivo con apoio estrutural e estable no referido ás estruturas de investigación. Isto materialízase en partidas orzamentarias anuais específicas para o funcionamento dos oito centros que forman parte da Rede de centros de investigación de Galicia e o funcionamento basal de 285 grupos científicos en activo e para o apoio á carreira investigadora (coas convocatorias anuais de contratos predoutorais e posdoutorais) e á atracción do talento a través de axudas ás universidades para financiar os gastos de contratación de científicos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e dos programas estatais Ramón y Cajal e Juan de la Cierva.

As universidades públicas concentran o groso da investigación en Galicia

Non en balde, en Galicia as universidades públicas representan o maior ecosistema de investigación e transferencia de coñecemento de Galicia.

A punta de lanza son os oito centros da Rede de centros de investigación de Galicia, que lideran a actividade científica universitaria galega con 1.369 científicos en activo que representan o 18 % do total de persoal investigador de Galicia e aproximadamente o 40 % persoas investigadores das tres universidades públicas.

Captación de fondos e publicación de artigos científicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe á actividade investigadora universitaria, cómpre destacar que no período 2018-2020, o Sistema universitario galego captou ingresos por un importe total de 347 millóns de euros (246 M€ a través de fondos de concorrencia competitiva e outros 101 M€ en fondos non competitivos, a través de convenios e contratos de prestación de servizos fundamentalmente). Isto representa un 6,21 % dos recursos captados polo conxunto das universidades españolas.

No caso das axudas competitivas, algo máis da metade (125 millóns) corresponden a fondos para proxectos de investigación. E deles, o 33 % son de orixe local e autonómica.

No caso dos ingresos non competitivos, a meirande parte (96,4 M€) foron xerados por actividades de transferencia de coñecemento como patentes ou *spin-off*, entre outros. De feito, segundo os datos do Informe I+TC da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), as tres universidades públicas galegas crearon un total de 22 empresas *spin-off*.

Tamén no mesmo período, publicaron preto de 15.000 artigos, o que representa o 6 % de todas as publicacións científicas do sector universitario español.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 700.000 EUROS A REFORMAR O CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA ENTIDADE ADAPTA, EN PONTEAREAS

Trátase do único centro destas características na comarca do Condado e Paradanta que, con esta actuación, prestará atención a 40 persoas con discapacidade e as súas familias

O Consello da Xunta deu luz verde a un convenio de colaboración coa Asociación de Persoas con Discapacidade do Condado e Paradanta (Adapta) por valor de 700.000 euros para acometer obras de mellora e ampliación no seu centro de día, terapéutico e ocupacional de Ponteareas.

O obxectivo deste convenio é mellorar a funcionalidade, o confort e a accesibilidade deste centro que se converterá no único servizo de atención diúrna terapéutica e ocupacional para discapacidade física das comarcas do Condado e Paradanta. A súa capacidade será de 40 prazas.

O Goberno galego segue traballando para construír unha Galicia máis inclusiva da man das entidades do terceiro sector, xa que son elas as que mellor coñecen as necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A CAPACIDADE DIAGNÓSTICA DOS CENTROS DE SAÚDE INVESTINDO MÁIS DE 17 M€ EN EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO E MOBILIARIO CLÍNICO

- A compra permitirá que todos os servizos de atención primaria contén un ecógrafo e que todos os centros de saúde dispoñan de dispositivos multidiagnóstico e de sistemas de monitorización ambulatoria da presión arterial
- Tamén inclúe 126 retinógrafos e mobiliario clínico consistente en máis de 2.000 padiolas de transporte, de exploración xeral, de fisioterapia e de exploración xinecolóxica
- Esta medida do Goberno galego enmárcase no obxectivo da Xunta de mellorar a capacidade diagnóstica do primeiro nivel asistencial

O Consello da Xunta aprobou a contratación, por un período de dous anos, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de equipamento electromédico e mobiliario clínico con destino a centros de atención primaria do Sergas. O valor estimado dos contratos baseados no acordo marco é de 17.621.888 euros.

O investimento inclúe 126 retinógrafos, 184 ecógrafos portátiles con intelixencia artificial integrada, 480 sistemas de monitorización ambulatoria da presión arterial, e 508 dispositivos multidiagnóstico de monitorización automatizada de constantes vitais para centros de atención primaria das sete áreas sanitarias de Galicia. Tamén inclúe mobiliario clínico consistente en máis de 2.000 padiolas de transporte, de exploración xeral, de fisioterapia e de exploración xinecolóxica.

A intención do Goberno galego é dotar todos os centros de saúde de Galicia duns novos dispositivos multidiagnóstico, que van permitir, a través dunha táblet con distintos complementos, realizar co mesmo aparello distintas probas diagnósticas: electrocardiogramas e medicións da presión arterial para previr ou controlar problemas cardiovasculares; control do índice nocello-brazo para previr trombos; ou espirometrías para diagnóstico e seguimento de patoloxías respiratorias.

A Xunta vai dotar tamén todos os centros de saúde que aínda non contén con el, de dispositivos de monitorización ambulatoria da presión arterial, que o paciente leva para a casa durante un ou dous días completos da súa vida cotiá, e permite diagnosticar a existencia ou a evolución de hipertensión, unha das patoloxías crónicas máis prevalentes en Galicia.

Este novo material súmase ao adquirido ao abeiro do Plan galego de atención primaria 2019-2021 que mobilizou un investimento de máis de 8 millóns para dotar os centros de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atención primaria galegos de 473 electrocardiógrafos, 260 desfibriladores, 234 espirómetros, 27 ecógrafos ou 26 retinógrafos.

Así, con esta nova licitación o Goberno galego completará a dotación de retinógrafos e ecógrafos iniciada co Plan galego de atención primaria de 2019. Ao final deste proceso todos os servizos de atención primaria disporán dun ecógrafo. Serán ecógrafos portátiles dotados con tecnoloxía de intelixencia artificial que irá guiando ao profesional para facer a mellor exploración posible.

Todos estes dispositivos completamente integrados co sistema de historia clínica electrónica de Galicia. Polo tanto, facilitando o envorco de datos automático na aplicación para o seguimento multidisciplinar do paciente polo equipo de atención primaria ou, se fose preciso, con apoio de consulta hospitalaria.

Esta contratación enmárcase no obxectivo da Xunta de Galicia de mellorar a capacidade diagnóstica do primeiro nivel asistencial e aproveita os fondos do Plan de melloras das infraestruturas de atención primaria (MINAP) aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, e cuxo obxectivo consiste na mellora das infraestruturas dos centros de atención primaria pertencentes ao Sistema Nacional de Saúde e ampliación e renovación do seu equipamento clínico.

A boa situación de Galicia en materia de infraestruturas de atención primaria, cun investimento desde 2009 de máis de 120 millóns de euros para construír ou renovar 114 centros de saúde, e cun Plan de infraestruturas de atención primaria en execución desde 2021, permítelle á Xunta destinar estes fondos estatais a dotar os seus centros de novo equipamento diagnóstico.

Aposta pola atención primaria

A aprobación deste acordo marco reflicte a aposta da Xunta pola atención primaria co obxectivo do Sergas de dotar a totalidade de centros de saúde galegos de novos equipos diagnósticos que melloren a súa capacidade resolutiva, para, deste xeito, facer unha mellor prevención da enfermidade e acadar diagnósticos precoces que eviten complicacións posteriores nos pacientes. Supón, ademais, levar a cabo un mellor seguimento dos pacientes crónicos e pluripatolóxicos.

Entre estes investimentos da Xunta destinados a potenciar o primeiro nivel asistencial destaca a recente licitación de 29 novas salas de RX dixitais e a adquisición dunha unidade móbil de RX, por máis de cinco millóns de euros, e a próxima tramitación de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novos expedientes para a compra de desfibriladores e bisturís eléctricos ou para a adquisición de equipos de realización de probas rápidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INICIARÁ O 1 DE OUTUBRO A INMUNIZACIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL FRONTE AO ROTAVIRUS

- Esta vacina comezará a administrarse aos nenos e nenas nas súas revisións pediátricas no momento en que cumbran 2 e 4 meses, comezando de xeito sistemático cos menores nados desde o 1 de agosto de 2023
- O vindeiro 25 de setembro comezará a inmunización fronte o Virus Respiratorio Sincitial (VRS) para todos os nenos/as que nazen en Galicia. Ata o 31 de marzo, estímase que se inmunizarán máis de 15.000 rapaces
- Galicia posúe na actualidade o calendario de inmunización máis completo de España, e de cara ao ano 2024, o Executivo galego ten previsto acadar os 40 millóns de euros para levar a cabo o programa de inmunización
- Tras a posta en marcha en abril da vacinación fronte ao herpes zóster, e a substitución -en xuño- da vacina conxugada fronte ao pneumococo; o vindeiro mes de outubro completaranse as incorporacións do novo calendario co inicio das vacinacións fronte ao rotavirus e o meningococo con serotipos ACWY

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, o acordo polo que dá o seu visto e praxe á actualización do Calendario de inmunización ao longo de toda a vida. Un programa que estará en funcionamento, de xeito íntegro, desde o vindeiro 1 de outubro, data na que se iniciará a vacinación da poboación infantil fronte ao rotavirus.

Ata o de agora, a vacinación fronte ao rotavirus estaba indicada só para lactantes prematuros nados en determinadas idades de xestación. Non obstante, a partir do 1 de outubro será sistemática para os nenos/as nados a partir o 1 agosto de 2023, dado que a súa primeira dose se administra aos dous meses de nacer.

O rotavirus é unha infección que afecta fundamentalmente a lactantes moi pequenos, sendo a principal causa de ingreso hospitalario por diarrea aguda, e a súa complicación máis frecuente, a deshidratación. Esta vacina adminístrase de xeito oral e conta con dúas doses (aos 2 e 4 meses de nacer).

A vacina do rotavirus introdúcese como parte do calendario de inmunización ao longo de toda a vida, sendo unha vacina sistemática que se administrará no contexto do Programa do Neno San, e tendo lugar nas revisións pediátricas en atención primaria. Aproximadamente cada mes nacen ao redor 1.200 nenos/as, polo que este sería o número de vacinas que se administrarían.

Elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, no novo programa de vacinación galego destacan cinco grandes novidades relativas á inmunización fronte ao herpes

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

zóster, o pneumococo, o meningococo, o virus respiratorio sincitial (VRS) e o xa mencionado rotavirus.

Para iniciar a posta en marcha deste novo calendario, a Xunta tivo que acometer a ampliación de varios contratos de vacinas vixentes. Así, ademais dos 28'8 millóns definidos nos orzamentos do ano 2023, formalizou un novo contrato para adquirir por máis de 3 millóns de euros o anticorpo contra o virus respiratorio sincitial (VRS). De cara ao ano 2024, o Executivo galego ten previsto acadar os 40 millóns de euros para levar a cabo o programa de inmunización.

Neste senso, o vindeiro 25 de setembro tamén comezará a campaña fronte ao VRS coa inmunización de todos os nenos/as que nazan en calquera dos centros hospitalarios de Galicia. Xunto con isto, a Consellería de Sanidade citará entre os días 2 e 15 de outubro a aqueles nenos/as nados desde o pasado 1 de abril de 2023. Ademais, as áreas sanitarias convocarán tamén desde o 25 de setembro aos nenos prematuros (nados desde o 1 de outubro de 2021), e aos nenos de alto risco (cardiopatías, displasia broncopulmonar, etc) con menos de 24 meses. Esta previsto que se lle administre o anticorpo do VRS a máis de 15.000 nenos e nenas.

Así mesmo, tamén o vindeiro mes de outubro será o momento no que se completen ás incorporacións do programa galego de inmunización e a actualización das poboacións diana co comezo da vacinación fronte ao meningococo con serotipos ACWY.

Galicia converterase na primeira comunidade autónoma na que se administra unha vacina de tipo tetravalente para facer fronte ao meningococo ao incorporar unha vacina que inclúe os serotipos ACWY, e que substituirá á vacina fronte ao meningococo C indicada aos 4 meses de idade. Os seus destinatarios serán os nenos e nenas nados a partir do 1 de xuño de 2023, comenzando tamén a súa administración a partir 1 de outubro de 2023.

Galicia conta co calendario de inmunización máis completo de España, mantendo o Executivo galego o seu compromiso por mellorar a saúde da súa poboación, e tamén a garantía de equidade de acceso a vacinas que non estaban financiadas polo sistema sanitario público.

O comezo destas tres novas inmunizacións engádense ás iniciadas o pasado mes de abril no novo calendario de inmunización ao incluír a vacinación sistemática fronte ao herpes zóster para as persoas que cumpran 65 e 80 anos no 2023, e máis recentemente, en xuño, tras a substitución da vacina conxugada fronte ao pneumococo 13-valente pola

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

20-valente, e cuxos destinatarios son as persoas con 65 anos e os grupos de risco maiores de 18.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTA CUN DOCUMENTO PIONEIRO PARA PROTEXER O SEU PATRIMONIO MARÍTIMO QUE PROPÓN 100 MEDIDAS A APLICAR ATA 2030 PARA PRESERVALO E POÑELO EN VALOR

- O Plan da cultura marítima de Galicia. Horizonte 2030 fai unha profunda análise da tipoloxía de bens inmobles, mobles e patrimonio inmaterial existente na comunidade co obxectivo de avanzar no seu coñecemento e darlle difusión nacional e internacional
- Este traballo, realizado ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a súa fundación- pretende converterse nunha guía e punto de partida para que o conxunto da comunidade actúe de xeito coordinado na conservación dos vestixios do seu pasado e presente marítimo-pesqueiro
- O Executivo galego analizou un plan que enumera os múltiples oficios vencellados co mar en Galicia, repasa o seu vasto patrimonio marítimo, expón medidas que servirían para preservalo e destaca espazos singulares representativos da súa cultura mariñeira

A Consellería do Mar presentou hoxe ao Consello da Xunta o Plan da cultura marítima de Galicia. Horizonte 2030, un documento único e pioneiro tanto a nivel nacional como internacional no que ten que ver co patrimonio marítimo e coas posibilidades de protexelo e conservalo para que chegue ás vindeiras xeracións. Este documento, froito dun intenso traballo e de consultas a persoas e entidades de todo o litoral, fai unha profunda análise da diversidade de bens inmobles, mobles e patrimonio inmaterial existente na comunidade e recolle 100 medidas para aplicar antes do ano 2030 que contribuirían a avanzar no seu coñecemento, preservalo e poñelo en valor tanto en Galicia como no exterior.

Este traballo, realizado ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña (UDC) e a súa fundación (FUAC), pretende converterse nunha guía e nun punto de partida para que o conxunto da comunidade - as distintas institucións e entidades- actúe de xeito coordinado para protexer o seu pasado e presente mariñeiro e evitar que quede no esquecemento.

O plan é de suma importancia tendo en conta que Galicia conta con máis de 1.600 quilómetros de costa, tres provincias con mar e máis da metade da poboación (preto do 55 %) vive no litoral. Esta situación fixo que as actividades vencelladas co mar definisen un gran número de oficios e o propio modo de vida da xente, dando lugar a unha cultura característica e de gran valor. Por iso, o plan pretende converterse nun instrumento capaz de favorecer a xestión integral deses vestixios e dálos a coñecer fóra da comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O documento, elaborado por un equipo liderado polo profesor Óscar Fuertes, fai unha radiografía da demografía litoral de Galicia e da súa cadea mar-industria destacando os arredor de 40.000 empregos directos que dependen dela, así como os múltiples oficios, tanto no pasado como agora, vencellados co mar. Aos mariñeiros, mariscadores, percebeiros, acuicultores ou bateeiros engádense os operarios da conserva, afumadores, baleeiros, salgadores, muiñeiros, carpinteiros de ribeira, torneiros, redeiras, fareiros ou barqueiros, entre outros moitos.

O Plan da cultura marítima de Galicia tamén fai un repaso pola variedade de bens inmobles, bens mobles e patrimonio inmaterial cos que conta a comunidade. Entre as construcións están estaleiros e carpinterías de ribeira, fábricas de conserva e salgadura, casetas de pescadores e lavadoiros de redes, vivendas mariñeiras, peiraos, embarcadoiros, faros, lonxas, cemiterios, ermidas ou santuarios e restos arqueolóxicos, entre outros moitos.

Nos bens mobles están as artes de pesca, as ferramentas empregadas polos distintos profesionais do mar, útiles de cestaría, vestimenta e calzado, partes de barcos afundidos e embarcacións tradicionais. No patrimonio inmaterial inclúense cuestións como as festas, populares, gastronómicas e relixiosas, a tradición oral e o folclore a través de adiviñas, cancións, contos, lendas, refráns ou léxico marítimo, a cociña mariñeira, as mostras de arte, a iconografía mariñeira, os museos ou os propios oficios do mar.

O documento encargado pola Xunta tamén fai unha análise das fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas para o patrimonio marítimo de Galicia e destaca, entre outras, cuestións positivas como a existencia de abundante patrimonio somerxido, de artes de pesca tradicionais sustentables, dun gran número de museos do mar e de moitos oficios tradicionais que aínda persisten. Estes aspectos, engade, poden supoñer grandes oportunidades se se afonda na aposta por eles.

Obxectivos estratéxicos

Unha vez feita esa profunda análise, o plan establece catro grandes obxectivos estratéxicos con 100 proxectos ou accións para levar a cabo ata 2030 cos que preservar e activar a cultura marítima galega. O primeiro deles céntrase en conservala e promovelas en diversos ámbitos e como eixe de cohesión social apostando por 39 medidas como un estudo das rías, ríos e paisaxes marítimas, a elaboración dun atlas virtual do patrimonio marítimo galego ou dun dicionario da cultura marítima.

O segundo obxectivo estratéxico busca a converxencia das institucións, recursos e axentes a través de 25 accións como a creación dun observatorio da cultura marítima, a dixitalización de documentación histórica das confrarías ou a organización dunha gran

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mostra da cultura marítima. O terceiro aspira a potenciar o desenvolvemento do sector produtivo das empresas tradicionais do mar con 23 proxectos como un selo da cultura marítima, a formación profesional neste eido e a creacións de programas laborais.

O cuarto obxectivo estratéxico incide en estender o coñecemento da cultura marítima a nivel nacional e internacional mediante 13 iniciativas como a creación de grupos de investigación, a posta en marcha dun programa de promoción no exterior e o liderado dunha Rede Europea de Entidades de Patrimonio Marítimo.

O plan conta tamén cun anexo que pon en valor determinadas zonas do litoral galego que salientan por conservar as características orixinais e elementos singulares vencellados co mar ao non terse visto sometidos aos procesos de urbanización e industrialización do litoral. Estas zonas -denominadas áreas nai- que teñen núcleos urbanos e unha identidade especial son: Rinlo, Espasante (Ortigueira), Mugarodos, Redes (Ares), Quilmas (Carnota), Muros, a enseada de Broña (Outes), a zona da Secada-Touro (Ribeira), Combarro (Poio) e A Guarda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA PON EN MARCHA UNHA OFICINA MÓBIL DE ATENCIÓN A EMIGRANTES RETORNADOS PARA ACHEGAR O ASESORAMENTO INTEGRAL AO RURAL

- A Secretaría Xeral da Emigración destinará 250.000 euros á posta en marcha deste servizo que achegará a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno aos concellos con maior número de retornados
- O obxectivo é poder chegar a todas aquelas familias que o precisen e que presentan dificultades para achegarse a unha das cinco sedes físicas desta oficina nas catro provincias galegas
- Dende a posta en marcha deste servizo, que forma parte da Estratexia Galicia Retorna, atendéronse máis de 16.000 familias e respondéronse máis de 60.000 consultas

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a contratación, polo procedemento aberto, dun servizo para o desenvolvemento do programa Oficina Móbil de Atención ás persoas emigrantes retornadas, cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027.

A comezos de 2020 a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, abriu as portas da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno dentro da Estratexia Galicia Retorna. Constituíuse así unha oficina que realiza un labor de acompañamento integral aos retornados e ás súas familias durante o proceso de chegada e co obxectivo da súa integración efectiva na nosa sociedade. Conta con cinco sedes físicas, na Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo.

Durante este tempo, comprobouse que as persoas que residen en zonas rurais non solicitan tanto este recurso por diversas razóns, como poden ser as dificultades no acceso ao transporte, as súas limitacións económicas ou a súa avanzada idade. Para paliar esta situación, ponse en marcha este programa que contará cunha oficina itinerante que achegará os servizos de apoio social, laboral e fiscal aos posibles demandantes, especialmente nos concellos de rural cun maior número de retornados.

As persoas atendidas contarán así cunha oficina dotada de medios materiais e profesionais que lles achegarán este servizo ata o seu concello. A contía do programa é de 250.000 euros e a súa duración inicial será de sete meses.

Dende a posta en marcha da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno atendéronse xa máis de 16.000 familias, e respondéronse máis de 60.000 consultas realizadas tanto persoal como telefónica como telemáticamente

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 3,4 M€ A CONTRATAR 249 AXENTES DE EMPREGO QUE CONTRIBUIRÁN Á DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA LOCAL E Á FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO RURAL

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe as axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que financiarán a contratación deste persoal tanto nos concellos (2,2 M€) como en entidades sen ánimo de lucro (1,17 M€)
- O obxectivo é apoiar os consistorios na promoción da actividade empresarial e as asociacións que máis o precisan na inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que se convocarán proximamente para que os concellos e as entidades sen ánimo de lucro contraten axentes de emprego. En total, destínanse preto de 3,4 millóns de euros (2.200.000 millóns para axentes de emprego de desenvolvemento local e 1.175.000 millóns para os axentes das entidades sen ánimo de lucro) para a contratación ou prórroga da contratación da Rede de técnicos de emprego de Galicia.

O obxectivo é apoiar os consistorios na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e as asociacións que máis o precisan na inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión. En concreto, a previsión é financiar un total de 249 axentes: 207 axentes de emprego de desenvolvemento local -dos que se benefician outros tantos concellos- e 33 axentes e 9 unidades de apoio que traballan en entidades sen ánimo de lucro, nomeadamente, en 14 entidades que foron beneficiarias o ano pasado destas achegas.

Así, as funcións principais destes axentes son colaborar de cara á creación de actividade empresarial, actuar como promotores desa actividade e servir de asesores puntuais de proxectos de empresa e como prospectores de mercado, contribuíndo á dinamización da economía local e á xeración de novas actividades no rural.

Con estas axudas, a Xunta potencia o papel da Rede de técnicos de emprego de Galicia como motor do emprendemento e da creación de emprego co gallo de apoiar a constitución de pequenas e medianas empresas, favorecendo un tecido empresarial máis estable, a diversificación de actividades e, sobre todo, un crecemento económico sostido. Trátase así dunha figura especializada na promoción do emprego coa que se procura axudar as empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, realizando un importante labor que contribúe, ao tempo, a fixar poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as actuacións desta rede inclúense a promoción da igualdade de oportunidades e o acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais, asesorando e informando sobre a súa viabilidade técnica, económica e financeira e aplicando técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados, para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

As diferentes estratexias de activación para o emprego recollen entre os seus principios de actuación o de colaboración con axentes de interlocución social e outros axentes públicos e privados, sectoriais ou locais, para xerar redes de confianza, obter mellor información e reforzar as dimensións territorial e sectorial das políticas activas de emprego.

Nesa liña, cabe facer mención á Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego da Xunta de Galicia, que conta xa con oito centros activos nas catro provincias co gallo de dinamizar o territorio a través da creación de emprego de calidade e do asentamento da poboación. Esta rede está a prestar asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras de Galicia en calquera fase que se atope o seu proxecto empresarial, de principio a fin.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

